

ANEXO

Modelo e características do distintivo do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas

O distintivo do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas responderá ao modelo que corresponda coas seguintes características:

-Material: PVC (cloruro de vinilo) laminado ou equivalente.

-Tamaño: 85,69 mm longo por 53,98 mm de largo.


-Grosor: 0,76 mm.

-Suxeita ás normas ISO 7810 y 7811.

-Fotografía: integrada por dixitalización a cor.

-Anverso: fondo branco cunha banda diagonal de cor azul desde o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito. Impresión en negro.

-Reverso: fondo branco con escudo de Galicia en azul. Impresión en negro.

Distintivo persoal de control de acceso. Anverso**Distintivo persoal de control de acceso. Reverso****II. AUTORIDADES E PERSOAL****b) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DO MAR**

Corrección de erros.-Orde do 26 de abril de 2010 pola que se dispón o nomeamento dun vogal en representación da Xunta de Galicia no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra.

Advertido erro na Orde do 26 de abril de 2010 publicada no DOG nº 86, do 7 de maio de 2010, cómpre facer a oportuna corrección:

Na páxina 8.011, onde di: «O nomeamento de Paloma Rueda Rúa como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra, en representación da Xunta de Galicia», debe dicir: «O nomeamento de Paloma Rueda Crespo como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra, en representación da Xunta de Galicia».

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

Resolución do 6 de maio de 2010 pola que se dispón o nomeamento de vogal do Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).

A Lei 3/2004, do 7 de xuño (DOG nº 116, do 17 de xuño) crea o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), como un ente de dereito público con personalidade xurídica propia e patrimonio propio e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, adscrito á Consellería do Mar; o seu regulamento foi aprobado polo Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG nº 49, do 11 de marzo).

Os artigos 7 da Lei 3/2004, do 7 de xuño e 4 do Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, regulan a composición do Consello de Administración do Instituto, establecendo que o vogal representante do persoal do Intecmar será nomeado polo Consello de Administración deste por proposta do órgano ou órganos que representan ao persoal do Intecmar.

En consecuencia,

DISPOÑO:

Por proposta do comité de empresa do Intecmar, o nomeamento de José Luis Pérez Bello, como vogal do Consello de Administración do Intecmar en representación do persoal do instituto.

Vilaxoán, 6 de maio de 2010.

Rosa M^a Quintana Carballo
Presidenta do Consello de Administración